CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

MELIDE
Piden dimisións pola xestión da praia fluvial de Furelos P12

COMARCA
Preto de 300 veciños fan uso do servizo de avisos do Concello de Santiso P14

CULTURA
Charamela celebra o seu IX Encontro Interxeracional o 14 de xullo P19

ENTREVISTA

Esther e Cris Irago Conde, Strelitzia Floristas

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 150. Xullo 2018. Distribución gratuíta

Medalla de Ouro a Casa Juanito pola súa traxectoria comercial

Máis de cen anos coas portas abertas e a esencia do comercio tradicional intacta, iso é o que lle valeu a Casa Juanito para recibir a Medalla de Ouro 2018 do Concello de Melide. Catro xeracións que atoparon a forma de continuar cun negocio capaz de sobrepoñerse a unha guerra civil e á escaseza e miserias posterior. Un premio merecido a quen soubo renovarse coa chegada dos novos modelos comerciais sen perder un ápice de calidade. P10-11

A ponte Mazaira estará rematada a finais do verán

Tras máis dunha década de promesas, a finais de xuño comezaron as obras de construción da ponte sobre o río Furelos. O orzamento é de 300.000 euros. P13

Balance positivo da cuarta edición da Noite Aberta

Dende Asetem valoran as boas sensacións que deixou a campaña entre os comerciantes e traballan na mellora desta iniciativa para a súa consolidación. P3

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O que nos distingue

Para atender ao público hai que ter vontade de servizo; é máis, tal vez sexa esta unha das claves dunha actividade profesional gratificante . Tamén é certo que coa vontade non basta, que se transmite a través do que facemos, e de preguntarnos os porqués, comos, candos e demais.

No comercio de proximidade temos, e debemos ter, a categoría de servizo público, sendo ademais un medio económico de subsistencia dunha importante parte da poboación.

No comercio de proximidade temos que ser conscientes de que o feito da proximidade física non é un valor en si mesmo, o valor ímolo adquirindo na medida en que nos achegamos ao cliente, o coñecemos, nos adiantamos as súas dúbidas e aos seus medos; revisamos constantemente o que lle atrae.

Cada vez que volve un cliente temos que estar agradecidos con el, non soamente se realiza unha compra senón porque cada vez que visita o noso establecemento é unha oportunidade de saber mellor que necesidades ten e así coñecer máis de que e como vender.

Nesa relación cada vez máis estreita cos nosos clientes imos facendo que o noso negocio sexa algo singular, unha marca recoñecida que vaia deixando pegada, que perdure no tempo; singularidade que imos adquirindo adaptándonos sen perder a identidade, innovando sen perder a esencia .

Dende aquí lograremos facer unha oferta diferenciadora, que nos siga permitindo sobrevivir neste maremagnum dominado pola tensión entre os que queren acaparar todo para un e o resto.

Dende Asetem temos claro que no intento de dar apoio a ese esforzo dos nosos socios por cada día ofrecer máis e sobre todo mellor para os nosos veciños e atraer xente de outros lugares, aínda temos moito que aprender. E que dende a amabilidade coa que nos vexamos e nos tratemos comerciantes e clientes poderemos superar erros que en contra de esa vontade de servizo inevitablemente cometemos.

A aposta de Asetem é clara e decidida por axudar a facer unha comunidade máis forte fronte aos envites do poder dos monopolios, instalados tras unha aparencia de servizo á sociedade e sustentados aínda por moitos dos nosos pensamentos e actitudes, apartándonos dos inherentes anhelos de liberdade e felicidade.

Tribuna de opinión

A xestión dos espazos

Como cidadáns pagamos os impostos que nos corresponden e cumprimos coas nosas obrigas; do mesmo xeito que debemos ser responsables coas nosas tarefas en calquera traballo que realicemos. Ese mesmo cumprimento é o que se espera por parte das institucións cando necesitamos algo; referímonos concretamente ao uso das instalacións públicas.

Este verán por primeira vez dende Asetem lanzamos a campaña Verán Educamelide, unha inciativa coa que buscamos ofrecer unha alternativa para a conciliación das familias durante o estío.

Durante todo o mes de xullo nenos e nenas de entre 5 e 12 anos acoden ás instalacións de Asetem para realizar diferentes actividades. Non obstante, dende a asociación vémonos na obriga de pedir disculpas aos pais por non poder ofrecerlles aos máis pequenos un recinto en mellores condicións e mellor adaptado aos talleres que estamos a realizar. Nun principio pensamos en dispoñer do telecentro de Melide para a realización desta campaña ata que finalmente non puido ser.

Eses pequenos detalles marcan a diferenza e, tendo constancia de que non é un caso puntual, xórdennos dúbidas en canto á xestión dos espazos públicos de Melide, pois cando alguén solicita un local, ou está libre ou está ocupado, non hai máis volta de folla, debería ser así de sinxelo.

Como veciños, todos temos dereito ao seu uso, e ninguén está por encima de ninguén, por iso cremos que o máis sensato e transparente sería facer pública unha axenda cultural, ou polo menos coas datas de ocupación das instalacións, para evitar que os diferentes colectivos da vila non saibamos ata a última hora se poderemos dispoñer ou non dese espazo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, Pablo Lorenzo, Borja Miguéns
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Yolanda Pampín, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....10
-COMARCA.....14
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

De compras ata a media noite

A Noite Aberta do comercio de Melide deixa un balance positivo que fai pensar xa na consolidación desta campaña previa ás rebaixas

As tendas ofreceron descontos que nalgúns casos chegaron a ser de ata o 70 por cento

O pasado 22 de xuño o comercio de Melide celebrou a cuarta edición da Noite Aberta, un día con grandes descontos e ofertas especiais no que as tendas abriron ata as 12 da noite.

A xornada comezou animada, ou así polo menos o indicaron dende varios dos comercios participantes, que coincidiron en sinalar "unha afluencia masiva de xente, especialmente a primeira e últimas horas, cun pequeno parón no medio da tarde". Non obstante, tamén houbo quen fixo un balance completamente positivo ao contar con máis clientela do habitual durante toda a xornada.

O bo tempo acompañou nesta tarde de compras especiais na que participaron un total de 29 establecementos asociados que tamén ofreceron petiscos e agasallos durante toda a xeira. Con cada compra realizada fíxose entrega dunha tarxeta "rasca" que premiaba aos clientes con obsequios directos tales como paraugas, sudadeiras ou bolsas de compra elaboradas en distintos materiais.

Así mesmo, pasados uns minutos das 12 da noite celebrouse no Cantón de San Roque un gran sorteo entre todos os asistentes que previamente depositaron as súas tarxetas "rasca" nunha urna.

"Non podemos saber con exactitude cal foi o impacto económico da campaña no sector, pero o que si sabemos é que ano a ano esta campaña consolídase como unha das máis efectivas para o pequeno comercio, ou polo menos así o percibimos despois de visitar as tendas participantes", sinalou a xerente de Asetem - CCA Pilar López. Pola súa parte, o presidente da patronal, Manuel Vázquez, amosouse satisfeito co balance realizado e animou aos establecementos "a seguir colaborando e organizando vindeiras edicións da Noite Aberta, pois o beneficio para todos é evidente".

Na cuarta edición da Noite Aberta ademais dos comercios de téxtil e calzado tamén participaron outros sectores como o da estética e beleza, perfumería, electrodomésticos, utensilios de cociña e fogar, xoiería, ópticas, un estanco e tamén unha parafarmacia.

A xornada completouse coa animación musical do grupo Trisqueleiros de Toques e unha decoración con alfombras vermellas e globos brancos que animaron a pequenos e maiores a participar do ambiente e a realizar as súas compras.

PETISCOS, ANIMACIÓN POLAS RÚAS E UN GRAN SORTEO CON MÁIS DE 30 PREMIOS

Nas tendas repartíronse doces, larpeiradas e tarxetas "rasca"

A animación para todos os públicos foi unha constante

Coas tarxetas "rasca" os clientes participaron nun gran sorteo

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide e Toques
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traidas de auga, etc.

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

ADEUS ÁS BOLSAS DE PLÁSTICO

Real Decreto 293/2018

Trala aprobación do Real Decreto que pretende reducir o consumo de bolsas de plástico (BOE 19 de maio de 2018), dende o Cerne quixemos facer un resumo dos principais aspectos a ter en conta para tratar de aclarar na medida do posible unha normativa que, cando menos, xerou certa confusión entre os afectados (comerciantes, consumidores, produtores, etc).

Bolsas Eco, de feltro e acolchadas que Asetem sorteou durante a última Noite Aberta

Antes de nada é preciso aclarar un par de conceptos como: cales son as bolsas de plástico **"lixeiras"** e as **"moi lixeiras"**.

As **bolsas de plástico lixeiras son** as que se entregan ao consumidor nos puntos de venda e teñen un espesor inferior a 50 micras. Poden ter asa ou non.

As **bolsas de plástico moi lixeiras son** as bolsas de menos de 15 micras que son necesarias por razóns de hixiene, ou que se subministran como envase primario para alimentos a granel (por exemplo a froita, legumes, carne e pescado entre outros), cando o seu uso contribúe a previr o desperdicio destes alimentos. É dicir, son as bolsas de sección que podemos atopar nos supermercados para os alimentos a granel.

As bolsas de plástico con espesor inferior a 15 micras empregadas para outros usos deben considerarse aos efectos bolsas de plástico lixeiras, porque non cumpren a definición de bolsa de plástico moi lixeira, pero si a definición de bolsa de plástico lixeira. En consecuencia, a estas aplícanselles as obrigas previstas.

Datas a ter en conta:

A partir do 1 de xullo de 2018:

- Está prohibida a entrega gratuíta aos consumidores de bolsas de plástico nos puntos de venda de bens ou produtos, polo que os comerciantes deberán cobrar un prezo por cada bolsa de plástico que entreguen.

Quedan exentas dese cobro:

1) as bolsas de plástico moi lixeiras, é dicir, as bolsas de menos de 15 micras que son necesarias por razóns de hixiene, ou que se subministran como envase primario para alimentos a granel cando o seu uso contribúe a previr o desperdicio destes alimentos

2) as bolsas de plástico con espesor igual ou superior a 50 micras cunha porcentaxe igual ou maior ao 70% de plástico reciclado. Neste caso os comerciantes deben dispor de documento proporcionado polo fabricante que acredite dita porcentaxe. Ademais do anterior, se o comerciante quere, pode solicitarlle ao fabricante que marque a bolsa con dita porcentaxe.

Se as bolsas de menos de 15 micras se empregan para usos distintos dos especificados antes, débense cobrar tamén ao consumidor.

Pola súa parte, os comerciantes cobrarán unha cantidade por cada bolsa de plástico que proporcionen ao consumidor. Para determinar o prezo das bolsas de plástico poderán tomar como referencia os prezos orientativos establecidos no ANEXO I.

Así mesmo, os comerciantes informarán aos consumidores dos prezos establecidos expoñéndoos ao público nun lugar visible.

A partir do 1 de xaneiro de 2020:

- Prohíbese a entrega aos consumidores, nos puntos de venda de bens ou produtos, de bolsas de plástico fragmentables.
- As bolsas de plástico de espesor igual ou superior a 50 micras conterán unha porcentaxe mínima do 50% de plástico reciclado.

A partir do 1 de xaneiro de 2021:

- Prohíbese a entrega de bolsas de plástico lixeiras e moi lixeiras ao consumidor nos puntos de venda de bens ou produtos, excepto se son de plástico compostable. Os comerciantes poderán tamén optar por outros formatos de envase para substituír ás bolsas de plástico.

É preciso destacar que todas as medidas incluídas neste artigo afectarán tanto ás bolsas de plástico que se entreguen nos puntos de venda de bens ou produtos como ás que poidan subministrarse na venta en liña, así como ás entregadas a domicilio. Exclúense os sobres de plástico empregados para as vendas a distancia, e tamén as bolsas da limpeza en seco ("tintorería"), as bolsas do lixo, e as bolsas que envolven dende fábrica un produto (por exemplo, o plástico que envolve as camisas novas).

Prezo aproximado das bolsas de plástico en función do seu espesor: (O prezo de cada bolsa de plástico fíxao o comerciante e, para iso, pode seguir como orientación os prezos establecidos no **ANEXO I** do Real Decreto)	
- Bolsas **ata 15 micras** necesarias por razóns de hixiene ou que se subministran como envase primario a granel (froitas, legumes, carne, peixe, etc), cando o seu uso contribúe a previr o desperdicio destes alimentos	**0 céntimos de €/bolsa**
- Bolsas de espesor **inferior a 15 micras destinadas a** usos diferentes aos enumerados anteriormente	**5 céntimos de €/bolsa**
-Bolsas de espesor comprendido **entre 15 e 49 micras**	**15 céntimos de €/bolsa**
-Bolsas de espesor **igual ou superior a 50 micras**	**15 céntimos de €/bolsa**
-Bolsas de espesor **igual ou superior a 50 micras, con** contido igual ou superior ao 50% de plástico reciclado pero inferior ao 70%	**10 céntimos de €/bolsa**
- Bolsas de espesor **igual ou superior a 50 micras con** contido de plástico reciclado superior ao 70%	**0 céntimos de €/bolsa**

DÚBIDAS

- Pódese descontar o prezo da bolsa na factura para que os clientes non as paguen? Non, é obligatorio cobralas.

- As bolsas de plástico están suxeitas ao IVA? As bolsas de plástico que se cobran ao consumidor están suxeitas ao IVA como calquera outro produto que compre o consumidor. O prezo de orientación sinalado no ANEXO I do Real Decreto será o prezo final que se cobrará ao consumidor e, por tanto, incluirá o IVA. Ademais, **convén saber que a todas as bolsas se lle vai aplicar un 21% de IVA, independentemente do sector ou do que se compre**. Deste xeito, debe facturarse de forma separada e individual reflectindo a cantidade de bolsas entregadas e o prezo unitario, efectúese a emisión de facturas ordinarias ou simplificadas (tickets). O prezo por bolsa é orientativo, podendo fixarse libremente o que se estime pertinente e sendo recomendable que polo menos cubra o custo de adquisición da mesma.

- Que información debemos facilitar ao consumidor? Debe informarse nun lugar visible para o coñecemento dos consumidores de:

- a prohibición de entrega gratuíta, salvo as excepcións establecidas
- prezos establecidos por cada tipo de bolsa entregada
- cumprimento do Decreto 293/2018

Como o comerciante debe incluír unha referencia ao cumprimento do artigo 4.1 do Real Decreto, dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica propúxose o seguinte texto que os comerciantes poden utilizar: *"En aplicación de la obligación prevista en el artículo 4.1 del Real Decreto 293/2018, de 18 de mayo, sobre reducción del consumo de bolsas de plástico y por el que se crea el Registro de Productores, a partir del 1 de julio de 2018 se cobrará por cada bolsa entregada al consumidor el siguiente precio: ....."*

- Sancións? En caso de incumprimento de calquera das obrigas recollidas no Real Decreto o réxime sancionador que se aplicará é o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

MÁIS DUNHA QUINCENA DE RAPACES NO CAMPAMENTO DE ASETEM

O 2 de xullo deu comezo o campamento infantil que organiza Asetem – CCA a través da campaña Verán Educamelide. Máis dunha quincena de rapaces con idades comprendidas entre os 5 eos 12 anos acoden todas as tardes ás instalacións de Asetem onde, entre as catro e as oito da tarde realizan diferentes actividades. "O horario fixámolo así pero é totalmente flexible para que os pais poidan traer aos nenos máis tarde se queren ou tamén recollelos antes", explica a xerente de Asetem, Pilar López, quen tamén considerou esta primeira edición todo un éxito. "Para ser o primeiro ano estamos satisfetos coa aceptación da campaña, faltou perfilar algúns detalles e dala a coñecer un pouco máis, pero posiblemente acabe sendo unha moi boa iniciativa; abonda con ver que contentos veñen os pequenos". Con dous monitores ao cargo os máis cativos realizan talleres de informática, manualidades, xogos, etc.

ENTREGA DE PREMIOS DA CAMPAÑA DÍAS AZUIS EN SANTIAGO



O pasado xoves 21 de xuño tivo lugar en Santiago de Compostela o acto de entrega dos premios correspondentes á campaña Días Azuis do Comercio Galego. En representación do Centro Comercial Aberto Asetem acudiu a recoller o premio o vicepresidente da asociación, Rodrigo Fernández, xa que á gañadora foille imposible asistir. Neste senso, Rodrigo Fernández recolleu unha tarxeta moedeiro por importe de 150 euros que días máis tarde se lle entregou á premiada, María del Carmen Sánchez García. Ao acto asistiu o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, que sinalou como principal reto do sector a fidelización de clientes. Organizada pola Federación Galega de Comercio, Abanca e a Xunta de Galicia, a campaña Días Azuis do Comercio Galego incrementou a súa participación nesta segunda edición nun 30% con respecto ao ano anterior.

PREMIO LIDERAZGO EMPRESARIAL A JOSÉ GONZÁLEZ FUENTES, PRESIDENTE DE LUCKIA

O presidente da patronal melidense, Manuel Vázquez García, asistiu na Coruña á entrega do Premio Liderazgo Empresarial que este ano recaeu no presidente de Luckia, José González Fuentes. O galardón, que dende hai anos concede a Confederación de Empresarios de A Coruña, recoñeceu nesta ocasión "a contribución de Luckia ao progreso económico e social, así como á creación de emprego", tal e como sinalou o presidente da Confederación, Antonio Fontenla. A entrega do premio contou con numerosas personalidades entre os convidados e estivo presidido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo. Cabe destacar que a compañía galardoada nesta edición foi creada no ano 1972 e dedícase á explotación de xogos de azar. En anos anteriores outros dos premiados foron Feiraco, Gadisa, Hijos de Rivera S.A. ou La Voz de Galicia.

24 BODEGAS DE TODA ESPAÑA DANSE CITA NUNHA CATA EN VIÑOTECA RIBEIRAO

Un ano máis, e van catro xa, Viñoteca Ribeirao acolleu unha nova xornada de cata de viños. Nela participaron representantes de 24 bodegas de Galicia, Ribera del Duero e Rioja, que deron conta das cualidades dos seus caldos. A xornada comezou cunha ruta polos viños en Melide onde practicamente todas as bodegas teñen a súa representación nos locais para, acto seguido, ir a comer o polbo. Xa pola tarde, as portas de Viñoteca Ribeirao abríronse ao público en xeral para realizar a cata. Preto de 250 persoas, incluídos algúns peregrinos para sorpresa dos organizadores, puideron degustar de balde máis de 200 marcas de viño distinas.

Ruta polos viños

Cata na viñoteca

SUBVENCIÓNS

AXUDAS DO PROGRAMA EMEGA PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO EN GALICIA. (DOG 127, DO 04/07/2018)

Beneficiarias e requisitos xerais:

Empresas privadas, constituídas por mulleres, que inicien a súa actividade ou formalicen os seus plans Innova ou Activa, entre o 01/09/2017 e o 06/08/2018, microempresas ou pequenas empresas calquera que sexa a súa forma xurídica, cando a administración da empresa sexa exercida por mulleres e o capital social estea maioritariamente subscrito por mulleres (pequenas empresas) e integramente subscrito por mulleres (microempresas). As promotoras deben estar de alta na Seguridade Social, desenvolvendo a súa actividade de forma habitual.

Liñas de axuda:

LIÑA EMPRENDE

Dirixido a empresas de nova creación, que inicien a súa actividade entre o 01/09/2017 e o 06/08/2018. Entre outros requisitos, ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras; desempregadas durante un período mínimo de 1 mes inmediatamente anterior á data de inicio da actividade. No caso de empresas constituídas por máis de unha promotora, a condición de desempregada deberá cumprirse polo 50% das promotoras, como mínimo. **Contía:** Entre 8.000 e 20.000 €, segundo o número de postos de traballo para mulleres que se creen.

LIÑA INNOVA

Para empresas que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial entre 2 e 5 anos. Deben presentar un proxecto de mellora que supoña a creación, como mínimo, de un posto de traballo para unha muller, de capacitación profesional media ou superior, por un período mínimo de 2 anos. O proxecto de mellora levarase a cabo entre o 01/09/2017 e o 15/11/2018 e deberá materializarse nalgunha das seguintes accións:

.- Desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas para a obtención de novos produtos ou procesos, ou mellora dos existentes.

.- Aplicación de novas fórmulas de produción ou distribución.

.- Diversificación da produción e/ou ofertas de produtos ou servizos.

.- Reformulación empresarial para a achega ao mercado de produtos ou servizos innovadores ou de especial singularidade.

Contía: Entre 12.000 e 20.000 euros, segundo os postos de traballo para mulleres que se creen.

LIÑA ACTIVA

Dirixido a empresas que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial por un período mínimo de 3 anos e que presenten un proxecto de reactivación para o mantemento do emprego e para asegurar o equilibrio empresarial. Deberán manter ou incrementar o número de postos de traballo por conta propia ou allea preexistentes. O proxecto deberá materializarse no período comprendido entre o 01/09/2017 e o 15/11/2018. **Contía:** Entre 6.000 e 15.000 euros, segundo o número de postos de traballo para mulleres.

LIÑA ITEF

Poderán acollerse a esta liña empresas de nova creación con un proxecto empresarial de carácter innovador, no eido da investigación e da tecnoloxía; que inicien a actividade entre o 01/09/2017 e o 06/08/2018. A promotora ou unha delas, como mínimo, deberá ter titulación universitaria relacionada co ámbito da ciencia, do coñecemento ou da tecnoloxía. **Contía:** Entre 16.000 e 40.000 euros, segundo os postos de traballo para mulleres que se creen.

CONCILIA

Axuda complementaria das liñas anteriores, para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Modalidades:

.- Concilia-Promotora. Incentivo de 3.000 euros por empresa, cando algunha promotora teña fillos menores de 3 anos.

.- Concilia-Persoas Traballadoras. Incentivo de ata 5.000 euros, segundo o tipo de pacto de conciliación ou acordos individuais de teletraballo e o número de traballadores afectados.

DUAL

Axuda complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para a participación das promotoras no programa de titorización, da Secretaría Xeral de Igualdade. **Contía:** 500 € por empresa. **Prazo de solicitude, para todas as liñas: Ata o 06/08/2018**

PROGRAMA A PROL DA CONTRATACIÓN E DA FORMACIÓN DE MULLERES DESEMPREGADAS. (DOG 122, DO 27/09/2018)

Tipos de axuda:

BONO CONTRATACIÓN: Contratacións indefinidas iniciais con mulleres desempregadas, realizadas entre o 01/01/2018 e o 30/09/2018, a tempo completo ou parcial (neste caso, mínimo 50% da xornada); que supoñan un incremento do nivel de emprego neto e do cadro de persoal fixo da empresa con respecto á media dos 3 meses anteriores. **Contía:** 7.000 €, podendo acadar os 12.250 € por muller desempregada contratada, segundo o colectivo. **Obrigas**, entre outras: manter ás traballadoras subvencionadas na empresa, así como o número de traballadores fixos, durante 2 anos.

BONO FORMACION, de unha duración mínima de 50 horas, ao cal asista integramente a muller traballadora subvencionada co Bono Contratación, para mellorar a súa capacitación en contidos relacionados co posto de traballo. **Contía**: 1.000 € por cada participante. **Beneficiarios**: Empregadores e empresas, calquera que sexa a forma xurídica.

Prazos de solicitude: Para as contratacións realizadas entre o 01/01/2018 e o 27/06/2018, ata o 27/08/2018. Contratacións realizadas dende o 28/06/2018, o prazo de solicitude será de 2 meses dende a contratación, máximo ata o 30/09/2018.

AXUDAS A NOVOS EMPRENDEDORES, NO MARCO DO PROGRAMA FEDER GALICIA 2014-2020. (DOG 120, DO 25/06/2018)

Obxecto: Creación de pequenas e medianas empresas por novos emprendedores e ampliación das xa existentes, que conten con unha antigüidade de ata 42 meses, entre outros requisitos; que vaian realizar un investimento subvencionable (non iniciado) entre 25.000 e 500.000 euros. **Conceptos subvencionables:** Obra civil, bens de equipamento, transporte interior, activos inmateriais, gastos de investigación e desenvolvemento, canons, aluguer de inmobles, entre outros e con limitacións e exclusións sectoriais. **Contía:** Con carácter xeral ata o 20% do investimento (ata o 30% no caso de pequena empresa), agás para certos conceptos subvencionables que teñen limitacións propias. **Prazos:** Convocatoria 2018.1; ata o 27/07/2018. Convocatoria 2018.2, dende o 30/07/2018 ata o 25/10/2018.

PROGRAMA DE REMUDA XERACIONAL DOS NEGOCIOS. (DOG 118, DO 21/06/2018)

Beneficiarios:

.- Autónomos (e autónomos societarios que conten coa maioría do capital), que transmitan o seu negocio por cese na actividade e se atopen nalgunha destas situacións: ter 63 ou máis anos; obter una incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez; ou herdeiros por falecemento do autónomo titular do negocio.

.- O adquirente do negocio que cause alta en autónomos.

Contía: Con carácter xeral, 100% dos gastos de asesoramento, co máximo de 1.000 € para o transmitente e 1.500 € para o adquirente.

Prazo: ata o 30/09/2018.

Información elaborada por CC Xestión
R/Florentino L. Cuevillas, 2 - baixo (Melide) / Tlf.: 881 973 307

POR SER DE XUSTIZA

Sobre pais e fillos

Eva Novás
Avogada

Os medios de comunicación publican enquisas e estudos do máis variado. Unha das que me resulta máis curiosa, e todos os anos hai algunha noticia sobre o tema, é sobre a porcentaxe de pais falsos. Ou o que é o mesmo, a cantidade de homes que cren que son o pai do fillo que crían pero, en realidade, é outro o pai biolóxico. Hai datos de todo tipo pero os máis fiables din que estes casos son minoritarios. Non deixa de ser unha cuestión controvertida e, sen dúbida, en materia de dereito de familia é un dos asuntos máis delicados e que máis sufrimento causa a tódalas partes.

A lei prevé e regula as accións de filiación e de determinación da paternidade, establecendo quen está lexitimado para iniciar estas accións e en que prazo de tempo, diferenciando tamén se se trata dunha filiación matrimonial (un fillo nacido dentro dun matrimonio) ou non matrimonial. É importante saber que os fillos teñen acción durante toda a súa vida para reclamar a paternidade: Aínda que pasasen moitos anos desde que soubo quen era o pai biolóxico ou incluso aínda que tivesen outro pai legalmente recoñecido. Pensemos nos supostos en que a parella da nai recoñece legalmente ó fillo desta e actúa como pai a tódolos efectos. É habitual que este fillo decida esperar a que faleza quen foi o seu pai legal para reclamar a paternidade biolóxica. Pero prevalece sempre o dereito do fillo a coñecer a verdade biolóxica como parte do dereito á dignidade das persoas, con independencia do tempo que pase.

Tampouco faltan os casos nos que o home recoñece ó fillo da súa parella pero, posteriormente e tras o fracaso da relación sentimental, impugna a súa paternidade. Sobre todo para evitar as obrigas económicas que supón ser pai.

Se se trata dunha filiación matrimonial, o marido que pense ou saiba que non é o pai biolóxico do fillo da súa muller tamén poderá impugnar esta paternidade, se ben aquí os prazos son moito máis limitados e comezan a contarse desde que ten coñecemento ou unha sospeita fundada.

Os supostos son tan variados como as persoas pero sempre é indispensable contar con un principio de proba, tanto se se vai reclamar a paternidade como se se vai impugnala: testemuñas da relación entre o pai biolóxico e a nai, mensaxes, cartas, fotografías, etc., que sexan indicadores da existencia e do momento en que se produciu esa relación da que naceu o fillo. Todo isto, unido a unha proba de ADN, permitirá determinar con certeza a paternidade. Hai que ter en conta, en canto á proba de ADN, que a negativa do home de someterse á análise pódese interpretar como un claro indicio da paternidade que pretende evitar.

Sendo o marido o que impugna a súa paternidade e comproba que, efectivamente, non é o pai biolóxico, cada vez son máis os tribunais que conceden indemnizacións polos danos morais que provoca a ocultación deste feito. Pero non se devolven os alimentos pagados a quen non era fillo. Esta compensación ten que vir pola vía do dano moral e valórase se houbo engano ou unha ocultación maliciosa por parte da nai para concederlle esta indemnización. Distinto sería se a propia muller lle manifesta ó marido as súas dúbidas sobre a paternidade, pois non sempre podería considerarse como ocultación.

Cada caso ten a súa particular historia e motivos moi diferentes. Son asuntos especialmente sensibles e íntimos, poucas veces agradables e con consecuencias evidentes, nos que compre actuar en tempo e debidamente asesorados para non engadir danos innecesarios.

Eva Novás Mato **Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**
Avogada **Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18**

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAS tábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

SABER DE LEI

Neglixencias médicas

E&M AVOGADOS

Neste artigo traemos un tema que ultimamente está proliferando de xeito considerable nos tribunais: as reclamacións por neglixencias médicas. Como por todos é sabido o ámbito da saúde é un dos máis sensibles e importantes nas nosas vidas, por iso mesmo os protocolos médicos son tan estritos, pero ás veces poden fallar e poden dar lugar a estas neglixencias que comentamos. Imos a desenvolver unha a unha as máis comúns, e as que se están reclamando actualmente por esta vía, que corresponden sempre cos casos máis graves para a persoa que as sufriu.

Impericia: prodúcese cando o médico que atende ao paciente ten un coñecemento ou habilidade escasos para poder interpretar os síntomas que se mostran no enfermo, polo que non pode realizar un diagnóstico ou unha intervención diagnosticada ou terapéutica. Pódese considerar como unha neglixencia se a mesma produciu danos ou lesións á persoa.

Imprudencia: prodúcese cando o médico actúa de forma temeraria e se confía en exceso de que o cadro médico que presenta o paciente non ten unha importancia real cando si a ten. Tamén se produce cando o médico considera que as complicacións que se poden producir de carácter grave non van ocorrer e, polo tanto, é probable que o médico non tome as medidas para previr esta circunstancia.

Error en intervención cirúrxica: unha intervención sempre é un asunto delicado e somos conscientes dos riscos que se asumen ao entrar no quirófano, por iso mesmo os riscos sempre son informados. Pero outra cuestión moi diferente é que como consecuencia da mala praxe do equipo médico que intervén se xeren danos ou lesións. Estes casos darían lugar a unha indemnización nos tribunais.

Error no diagnóstico: este tipo de neglixencia pode ocasionar múltiples consecuencias na persoa e algunhas de carácter moi grave. Pode producirse por unha falta de emprego de medios; é dicir, que non se empregaran os medios posibles para dar co diagnóstico acertado. Así mesmo, se despois de varias visitas ao médico este retrasa o feito de facernos probas, se isto despois ten consecuencias na recuperación da persoa ou provoca danos ou secuelas, ou incluso a morte, dá lugar a unha indemnización nos tribunais. Outra cuestión relevante é a perda de oportunidade; é dicir, se como consecuencia de retrasar o diagnóstico xa non se pode aplicar un tratamento que houbese curado.

Prescrición inadecuada de fármacos: prodúcese cando o médico receita medicamentos que non se adecúan ás doenzas presentadas polo paciente. No caso de que estes afecten á recuperación da persoa, ou lle causen danos, daría lugar á consecuente indemnización ante os tribunais.

Falta de consentimento informado: cando se realiza un tratamento sempre se debe informar do mesmo á persoa á que se lle vai a aplicar. Deben especificarse os riscos típicos aínda que sexa nunha enfermidade simple e común como pode ser unha gripe. En moitos casos o médico adoita facernos firmar unha folla para poder demostrar que cumpriu co seu deber de información, e a persoa deberíase dar por informada. Se se sofre un dano que non se sabía, pódese reclamar ante os tribunais, pero sería complicado demostralo. Neste sentido a recomendación sempre é estudar o caso minuciosamente para poder valorar.

Error en cirurxía estética: estas intervencións tampouco escapan ás neglixencias médicas e, de feito, é un dos campos onde máis casos podemos atopar. Isto débese á cantidade de falsas clínicas que existen e ao persoal non cualificado ou con titulacións falsas. En caso de sufrir mala praxe neste tipo de intervencións pódese reclamar ante os tribunais competentes.

Infeccións hospitalarias, intrahospitalarias ou "nosocomiales": prodúcense cando as infeccións se contraen no hospital. Pódense producir cando se empregan obxectos que non están debidamente desinfectados e transmiten algunha enfermidade ou infección. Non todas as enfermidades que se poden contaxiar nun hospital son reclamables; o exemplo máis común de caso non reclamable sería un paciente con baixas defensas (ben pola súa idade avanzada ou outras causas) que se contaxia dunha enfermidade leve como unha gripe ou un catarro común.

Transmisión "postransfusional" de enfermidades infecciosas: prodúcense como consecuencia dunha transfusión de sangre infectada con algunha enfermidade. A persoa que a doa estaría infectada e, por tanto, prodúcese un contaxio.

Lesións perinatais e as sufridas pola nai no parto: prodúcense no parto e abarcan tanto as que poidan ter a nai como o bebé.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito
Rúa Xesús Carro 15, 2, Melide
Tlfs: 605 270 282
671 833 425

Descontos para os socios de Asetem na implantación da nova Lei de Protección de Datos

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem – CCA) chegou a un acordo de colaboración coa empresa Antea Business Solutions para dar servizo aos seus asociados no ámbito da nova Lei de Protección de Datos. Mediante este convenio os socios de Asetem poderán cumprir coas novas obrigas nesta materia e resolver as súas dúbidas cun desconto sobre o prezo de tarifa establecido. É preciso lembrar que todas as empresas que conserven datos persoais, datos de clientes, provedores e traballadores están obrigadas a cumprir a lexislación vixente a través da implantación do novo Regulamento Europeo de Protección de Datos Persoais 2016/679. As consecuencias do seu incumprimento abranguen dende o aumento das inspeccións por parte das autoridades, ata sancións millonarias. Aqueles socios que estean interesados en recibir máis información poderán facelo a través da propia empresa (911 263 475), ou ben nas oficinas de Asetem – CCA.

Máis de 38.000 euros para mellorar a seguridade no polígono industrial da Madanela en Melide

A Xunta vai investir algo máis de 395.000 euros para mellorar os parques empresariais da comarca de Santiago en catro concellos da área, entre os que se atopa o de Melide. A maioría dos proxectos van orientados a mellorar as infraestruturas viarias dos polígonos e para a instalación de sistemas de seguridade e vixilancia, aínda que tamén para plantas de depuración de auga, xestión de residuos ou instalacións contraincendios. En concreto, o investimento que se realizará no polígono industrial da Madanela en Melide será de 38.089,83 euros e servirá para instalar un sistema de seguranza no recinto. Con estas novas axudas, nas que este ano os Concellos Emprendedores tiveron preferencia, como é o caso de Melide, perséguese o dobre obxectivo de fortalecer o tecido empresarial e mellorar as infraestruturas. Coa aprobación destes proxectos, esta orde permitiu dende 2009 realizar 502 proxectos en 149 parques industriais galegos.

CLUN achégase aos 230 millóns de euros de facturación no exercicio de 2017

CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas) celebrou en Santiago de Compostela o seu I Encontro de Socios. A reunión tivo como obxectivo compartir a estratexia cooperativa e empresarial, así como dar a coñecer o equipo humano técnico e directivo, e as principais magnitudes de negocio. CLUN, que na actualidade está formada por 3.500 socios de máis de 30 municipios do centro e norte de Galicia e máis de 400 traballadores, facturou o pasado exercicio máis de 125 millóns de euros; Feiraco Lácteos, máis de 76, e Acolat-Clesa preto de 28 millóns. A cooperativa e as súas sociedades investiron máis de cinco millóns de euros en maquinaria e novos envases, sistemas de información e novas tecnoloxías, proxectos de I+D+i e outros activos industriais. Cabe destacar que a actividade de Cooperativas Lácteas Unidas está centrada en tres grandes áreas: a división de servizos, a área de subministración, e a división de lácteos.

Tchin Tchin
ESPECIAL VERANO

TU 2º Y 3er PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

Y EL 3º PARA TI O PARA QUIEN TÚ QUIERAS

«¡Con 3 gafas es mejor!»
Sharon Stone

* Oferta válida del 06/06/18 al 03/09/18. Ver condiciones en óptica.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Casa Juanito recibe a Medalla de Ouro por manter vivo o comercio tradicional

108 anos de traballo, de experiencias; 108 anos coas portas abertas de xeito ininterrompido; en resumo 108 anos de vida que son mérito máis que suficiente para outorgarlle a Medalla de Ouro do Concello de Melide ao ultramarinos Casa Juanito.

A máxima distinción que outorga a institución melidense quixo premiar este ano ao pequeno comercio tradicional de sempre; ao comercio máis antigo da vila, pero que a día de hoxe conserva a esencia do primeiro día. Acompañado de toda a súa familia, Juan José Rodríguez recibiu o galardón de mans da alcaldesa de Melide, Dalia García, entre aplausos e coa emoción propia de quen recibe un premio ao esforzo e ao traballo de toda unha vida. "De anos anteriores a 1945 pouco sei, pero dos anos posteriores lembro que foron uns anos difíciles nos que había poucos produtos de alimentación, por iso en Casa Juanito vendiamos máis que alimentos, vendiamos roupa interior, carretes de fío, peites, xabón...", lembrou no seu discurso Juan José Rodríguez.

Non se esqueceu Juan José dos anos difíciles da emigración e do traballo de seus pais ao fronte de Casa Juanito, "abríamos o comercio todos os días do ano, incluso domingos e festivos, todo o día, dende a mañá ata a noite, foron épocas de traballo e privacións". Lembrou tamén os cambios que tiveron que asumir para competir coas grandes superficies comerciais e coas novas formas de comercio, "aproveitando as vantaxes de tantos anos de experiencia orientamos as nosas ansias comerciais cara a especialización, onde destacan o noso famoso pimentón, o bacallau, a ampla variedade de conservas ou os froitos secos".

Non quixo pechar Juan José o seu discurso sen amosar o desexo de continuidade de Casa Juanito a través dos seus fillos e netos, destacando a venda a través de Internet como un dos principais retos aos que terán que facer fronte, así como o agradecemento a todos e cada un dos que ao longo de máis dun século contribuíron a que Casa Juanito mantivese as súas portas abertas.

Pola súa parte, a rexedora de Melide destacou o carácter familiar do comercio e lembrou que "entrar en Casa Juanito é como entrar na nosa casa". García animou tamén ás futuras xeracións a continuar traballando para que o establecemento "continúe moitos anos máis en funcionamento".

Casa Juanito foi fundada en 1910 por Juan Rodríguez Ureña quen, xunto coa súa muller, Aurora Martínez Sobrado, o rexentou nos seus inicios. O seu fillo, Salustino Rodríguez Martínez e a súa dona, Pura Mariño Frade, foron a segunda xeración ao fronte do negocio, ata que a mediados dos anos sesenta se fixo cargo del o neto dos fundadores e terceira xeración, Juan José Rodríguez Mariño. Actualmente dirixe o establecemento o fillo deste e bisneto dos fundadores, Juan José Rodríguez López, cuarta xeración.

Juan José Rodríguez recolleu a Medalla de Ouro de mans da alcaldesa

A familia ao completo de Casa Juanito durante o recoñecemento

Entrevista: Juan José Rodríguez, Casa Juanito - Medalla de Ouro 2018

“A época máis dura que me tocou vivir foi despois da guerra porque todo escaseaba”

Por encima de todo é “o mellor avó do mundo”, así definen as súas netas a Juan José Rodríguez Mariño, dono do ultramarinos Casa Juanito e que vén de recibir a máxima distinción que outorga o Concello de Melide: a Medalla de Ouro 2018. Dende o Cerne conversamos con el para coñecer un pouco máis sobre os máis de 100 anos de historia cos que conta este establecemento.

Juan José Rodríguez, en Casa Juanito, xunto a unha das míticas latas do recoñecido “pimentón”

- Como naceu Casa Juanito?

- Juan José Rodríguez (J.R.): Casa Juanito comezou sendo un matrimonio que fundou a súa vida alá a principios do século pasado e que no ano 1910 construíu esta casa. Aquí montaron todo. Meu avó casouse e seus pais regaláronlle un coche de cabalos e uns cabalos para facer o transporte de viaxeiros de xeito esporádico. Cando alguén precisaba ir a algún sitio chamábano a el e facía viaxes a Sada, a Curtis e tamén a Santiago. Así empezou, co transporte en coche de cabalos, e despois fixo esta casa. Empezouna a construír entre os anos 1907 e 1908, e no ano 1910 inaugurou a tenda, este comercio, que continúa sendo das mesmas dimensións que naqueles tempos. Continúa igual e non se lle fixo ningunha reforma, tampouco o permitía a casa, ten en conta que é unha casa feita toda sobre vigas de madeira, estilo principios de 1900.

- Que produtos ofrecían nos seus inicios?

- J.R.: Casa Juanito empezou como comercio de alimentación, comercio de ultramarinos, vendendo as cousas máis necesarias e imprescindibles que eran o azucre, o arroz, o fideo, garavanzos, aceite, e o “pementón” tamén, que foi e segue sendo un dos mellores produtos e un dos máis famosos que tivemos e temos dende sempre. Xa daquela viñan a comprar o pementón a Casa Juanito xente de Palas, Curtis, Teixeiro e de Arzúa. A maiores, dende que se fundou a casa tivemos durante anos na parte de atrás unhas cuadras para o gando, para cando a xente viña cos cabalos ou cas eguas á feira, para que as deixaran alí; era como unha especie de estacionamento. E tamén tiñamos unha especie de bar, non dabamos comidas, pero si se vendía viño e tamén latas de conservas. Pasados os anos e para colaborar un pouco cando viñeron os tempos difíciles, foi cando comecei co tema da distribución de viños, cervexas, augas minerais, refrescos, etc, que en parte foi tamén para poder competir coas grandes superficies comerciais.

- Cal é para vostede a principal diferenza daqueles tempos a hoxe?

- J.R.: Quizais que naqueles tempos se vendía de todo nun establecemento coma este. Isto era como unha gran superficie comercial. Cando empezou Casa Juanito vendíanse dende brochas e “clavillos” para facer os zocos, ata peites, “peinetas”, xabón, medias, calcetíns, roupa interior, botóns, viño para os curas e tamén eramos distribuidores do petróleo, o líquido que se botaba no candil para alumear nas casas.

- Máis de 100 anos coas portas abertas dan para varias xeracións

- J.R.: Si, o meu fillo Juanito é a cuarta xeración xa e, ás veces, andan pola tenda tamén os da quinta xeración, que son os netos.

- Entón podemos falar de continuidade en Casa Juanito?

- J.R.: Pois non o sei, é complicado porque hai que traballar moito e os tempos cambiaron bastante, pero eu teño esperanza de que sigan. Imos ser positivos.

- Sempre mantivo as portas abertas Casa Juanito?

- J.R.: Sempre, dende o ano 1910 non houbo ningún parón, sempre mantivemos o comercio activo.

- E cal é o segredo para manter aberto un negocio ao longo de máis dun século?

- J.R.: Que sempre se sucedeu xente con amor ao traballo, capaces de sobrepoñerse aos sacrificios e resignarse ás privacións. Que as distintas xeracións foron todos eles moi traballadores, resignados e con ánimo de sacrificio, ese é o segredo, non hai outro.

- De toda a súa traxectoria ao fronte de Casa Juanito, cal foi o peor momento que lle tocou vivir?

- J.R.: O máis difícil foi despois da guerra civil, alá polos anos 40-45, porque naqueles tempos non había suficientes produtos de alimentación, escaseaba o azucre, escaseaba o aceite, escaseaba a fariña, escaseaba todo porque despois da guerra quedou todo desfeito e veu o tempo do racionamento. Os produtos estendíanse baixo unha cartilla de racionamento e dábanche o que che pertencía, nin máis nin menos, só o que fixaba a cartilla. E despois alá

> “O segredo para manter as portas abertas máis dun século é o amor ao traballo de cada xeración”

polos anos 60-70 houbo que facer fronte á emigración, a xente moza marchou e viñeron épocas de miseria, tempos moi difíciles e de pouca abundancia, de escaseza de produtos, escaseza de diñeiro e falta de consumo. Tampouco había traballo, non había industria, a xente da aldea pasaba moitos traballos e o principal sistema de ingresos era cando por fin se vendía o gando.

- E a mellor etapa?

- J.R.: Os mellores tempos viñeron dende os anos 90 e ata o 2005 porque foron os mellores anos para o comercio, antes de comezar a crise. Foron anos máis movidos en canto a vendas.

- Que é o que distingue a Casa Juanito?

- J.R.: Comercios como Casa Juanito distínguense por ter os mellores produtos, con moitas especializacións en distintos produtos. E ademais, todo o que vendemos é de primeirísima calidade. A xente debería comprar máis en comercios así para que non desaparecesen.

- Xa para rematar, como recibiu a Medalla de Ouro do Concello de Melide?

- J.R.: Pois a verdade é que moi contento e agradecido, satisfeito porque non esperaba tal distinción. Sen lugar a dúbida é unha gran satisfacción e un sentir moi especial que agrada, que simpatiza, que é oportuno sempre e que obriga tamén a poñer máis interese para que Casa Juanito siga adiante por moitos anos máis.

Piden a dimisión da alcaldesa e a edil de obras pola xestión da praia fluvial

O pleno extraordinario solicitado polos partidos da oposición para tratar a calidade da auga da praia fluvial do río Furelos e os problemas de saneamento que afectan á vila rematou coa petición de dimisión da alcaldesa e da concelleira de obras por parte do voceiro socialista. Prado instou a Dalia García e a Rosa Cabado a dimitir dos seus cargos por "incompetencia, incapacidade, mentiras, arrogancia e irresponsabilidade" na xestión desta problemática, despois de que un informe de Saúde Pública cualificase de novo como "insuficiente" a calidade das augas da praia fluvial.

Dende as filas socialistas lembráronlle á alcaldesa "o incumprimento legal de advertir no 2017, mediante un cartel, que as augas non eran recomendables para o baño", e botáronlle en cara que "a situación dende o ano 2012 ata este 2018 só cambiou a peor".

Pola súa parte, o voceiro nacionalista, Xesús Pereira, tras

solicitar que se lle dese voz no pleno ás distintas asociacións presentes, rexeitou pedir dimisións e reprochoulle á rexedora municipal que "non falase claro" durante todo este tempo a sabendas de que a xestión desta problemática "non foi boa".

Escudándose en fórmulas matemáticas e variables, Dalia García defendeu que a auga da praia fluvial "é totalmente apta para o baño, xa que así o recollen as analíticas encargadas polo Concello cada poucos días", e asegurou que farán públicos os resultados do estudo encargado a científicos de varias universidades para mellorar a calidade da auga.

Entre continuos cruces de acusacións tamén se debateu o estado da rede de saneamento do municipio. Tanto BNG como PSOE coincidiron ao vincular o estado do río co "deficiente" saneamento da vila, mentres que a alcaldesa recalcou estar "concienciados de que necesitamos investimento neste sentido e de que a nosa capacidade técnica é limitada", e avanzou o compromiso da Consellería de acometer melloras en breve.

O Concello reforza a Policía Local durante o verán con tres auxiliares

O Concello de Melide reforzou para este verán o servizo da Policía Local trala incorporación de tres novos auxiliares. A previsión é que estes novos traballadores estean en activo durante os tres meses estivais. Melide forma parte dos 24 concellos galegos que delegaron na Xunta de Galicia as súas competencias para acometer o proceso de selección de auxiliares de Policía Local. Meses atrás realizáronse as probas físicas e teóricas e as persoas que as superaron participaron nun curso de carácter obrigatorio no que abordaron materias como o dereito procesual-penal, policía administrativa, ética e principios básicos de actuación, primeiros auxilios, seguridade viaria ou regulación do tráfico. A alcaldesa de Melide, Dalia García, amosouse satisfeita da celeridade coa que se realizaron todos os trámites para que os concellos puidesen con este servizo e destacou que "os auxiliares de policía sufragaranse con medios propios, contribuirán a intensificar a vixilancia na vila e realizarán labores de apoio á policía local de Melide".

Durante o verán aumenta considerablemente a poboación na vila

35.000 euros para acondicionar os centros educativos

A Xunta de Galicia ten previsto investir 35.000 euros nos centros educativos da vila. Os traballos que se realizarán serán de mantemento e conservación das instalacións. Así, no Colexio Nº2 realizaranse melloras do tellado, e no Colexio Nº 3 e no Colexio Nº 1 aderezaranse os caleiros; mentres, a maior inversión realizarase no IES de Melide.

Centro de Maiores

Durante a súa visita a Melide, o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, anunciou que unha vez rematada a reforma do centro para maiores municipal, este aumentará a súa capacidade ata as 49 prazas.

Unha senda peonil e melloras na pavimentación para As Cazallas

A Deputación investirá nos traballos máis de 67.000 euros

Tanto no núcleo de As Cazallas como no de Furelos é evidente o mal estado dalgúns camiños

A Deputación da Coruña investirá 67.858,02 euros na construción dunha senda peonil e mellora da pavimentación no núcleo de As Cazallas. A achega está incluída no POS 2016 da institución provincial.

As actuacións previstas levaranse a cabo no tramo máis próximo ao núcleo urbano de Melide no que se construirá unha senda peonil e un sistema de recollida de augas pluviais. O resto do núcleo pavimentarase con mestura bituminosa continua e completaranse as obras coa sinalización horizontal.

As melloras inclúen, entre outras actuacións, a limpeza do borde da calzada por ambas marxes, a escavación da gabia en todo tipo de terreo para a colocación do tubo, a pavimentación de aglomerado asfáltico en quente, o pintado sobre pavimento de banda continua e o cebreado e rotulacións en calzada con pintura viaria reflectinte.

O prazo previsto para a execución das obras será de catro meses dende o comezo das mesmas.

Melloras nos accesos á parroquia de Furelos

Pola súa parte, o Concello de Melide mellorará a pavimentación das pistas que dan acceso á parroquia de Furelos, despois de que a alcaldesa asisnase o contrato de adxudicación definitiva para realizar os traballos.

As obras levaranse a cabo en tres pistas que dan acceso ao núcleo desta parroquia; unha será a que vai dende a N-547 ata a propia a aldea, outra a que une o Campamento Xuvenil coa coñecida ponte medieval e a terceira a que une a estrada vella de Furelos co núcleo da parroquia. As melloras terán un investimento de 89.000 euros e está previsto que se executen neste mes de xullo.

Comezan as obras da Ponte Mazaira

Cun orzamento de 300.000 euros, estará rematada a finais do verán

Máis dunha década despois, o pasado mes de xuño deron comezo as tan agardadas obras de construción da nova ponte Mazaira sobre o río Furelos; unha nova celebrada por parte do colectivo de troiteiros que durante tanto tempo reivindicou a súa execución.

Así, o pasado día 8 de xuño o presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos recibiu a chamada dun responsable da empresa encargada da construción da ponte, emprazándoos como Asociación a unha reunión a pé de río, para informalos polo miúdo dos traballos a realizar. Á reunión acudiron tres representantes da empresa e por parte da Asociación o seu presidente, Xavier Pazo, o secretario, Carlos Lamas e o vogal Antonio González.

"Segundo o proxecto a ponte estará sustentada sobre catro vigas e unha lousa de formigón que terá 6 metros de ancho, para posibilitar a circulación en dobre sentido, por 30 de longo, ou sexa, de marxe a marxe sen piar de sustentación no medio do río. O prazo de execución da obra é de catro meses polo que se prevé que estea rematada a finais do verán. Cun orzamento que se achega aos 300.000 euros a obra inclúe o acondicionamento e asfaltado dos viarios por ambas marxes e unha pasarela peonil", explicou o presidente da Asociación. O estudo tamén contempla tres metros máis de altura na nova ponte.

Pazo tamén indicou que "aínda que no proxecto se fai un estudo para minimizar o impacto medioambiental que terán as obras, resultará inevitable afectar ao río e ao seu caudal. Esa foi a preocupación mostrada polos representantes da empresa por canto eran conscientes de que estamos en tempada de pesca".

Ante isto, dende o colectivo de troiteiros solicitaron tanto aos seus socios como ao resto de afeccionados á pesca que eviten na medida do posible a zona das obras "na convicción de que serán comprensivos coas molestias que se van xerar, polos beneficios que traerá aos habitantes de toda a bisbarra".

Xavier Pazo tamén quixo expresar o seu agradecemento á Consellería "pola deferencia que tivo de pedirlle á empresa que nos convocase a esta reunión para darnos esta nova tan esperada". Nestes senso, a comezos do mes de xullo a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, visitou as obras para comprobar o seu avance.

A tan ansiada ponte Mazaira, que comunica os concellos de Melide e Toques, evitará que os veciños de ambos lados teñan que dar unha volta de varios quilómetros como viñan facendo ata o de agora.

Nas inmediacións da ponte os operarios traballan no desentullo da antiga estrutura

Adxudicadas as obras para o saneamento dunha parte do centro urbano

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda adxudicou as obras de reposición da rede de pluviais da estrada AC-840, no centro urbano de Melide, cun investimento de máis de 196.000 euros. O obxectivo desta obra non é outro que a diminución, tanto en importancia como en frecuencia, dos episodios de inundación que se producen nesta zona urbana do municipio os días de precipitacións intensas e, sobre todo, nas proximidades desta estrada autonómica, coincidente cun punto baixo do terreo.

A actuación, que conta cun prazo de execución de 9 meses, permitirá interceptar parte dos caudais que chegan á rede da Rambla San Pablo en puntos intermedios, intersección coa rúa Doutor Francisco López e Camiño de Cábadas.

As obras tamén inclúen a conexión da rede de pluviais existente na Rambla de San Pablo cunha nova rede de pluviais ao longo de Camiño de Cábadas.

No marco desta actuación, na Rambla de San Pablo inclúese a reposición do paquete de firme completo na traza das gabias a executar, reforzando con formigón armado a canalización nos treitos de calzada, e repoñendo a capa de rodadura en todo o ancho da calzada. Mentres, na rúa Doutor Francisco López García e en Camiño de Cábadas realizarase a reposición de firme e repintado da sinalización horizontal.

As obras completaranse co cegado dos pozos de rexistro das redes de residuais e pluviais, para evitar os ruídos que producen co paso do tráfico. Tamén se trasladarán á beirarrúa os pozos de saneamento, e realizarase na calzada a reposición de firme necesaria.

Melide aproba a exención do IBI gandeiro para vinte veciños

O Concello de Melide aprobará nun pleno extraordionario a exención do Imposto de Bens Inmobles dun total de vinte veciños que xa o solicitaron previamente. Tal e como explicou Dalia García, alcaldesa de Melide, "despois de examinar varias solicitudes e cumprir cos requisitos establecidos na lexislación vixente o Pleno procederá á aprobación das mesmas para a exención do IBI gandeiro; o que suporá un aforro importante nos petos destes veciños ao eliminar a carga fiscal de moitos gandeiros". García lembrou que "todas as persoas que queiran solicitar a rebaixa do IBI gandeiro e forestal para o vindeiro ano, terán que facelo ata o 31 de decembro de 2018".

A parroquia de Furelos terá acceso "ultrarrápido" a Internet

O Concello de Melide recibiu xa a notificación da Xunta de Galicia na que se explica que a parroquia de Furelos será beneficiaria do Plan de Banda Longa 2020. Trátase dunha iniciativa que o goberno autonómico -con este Plan-, xunto coa Administración Xeral do Estado -co Programa de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración-, poñen en marcha para promover de xeito complementario despregamentos de redes ultrarrápidas de acceso a Internet no territorio galego. Con este Plan facilitarase que os veciños da parroquia de Furelos teñan acceso a un servizo de Internet de máis de 100 Mbps simétricos mediante fibra óptica.

Chegar a todas as zonas

En canto ás zonas do Forte Novo e Priorada tamén se lles concederon as correspondentes subvencións para a dotación deste servizo, trámites que actualmente se atopan en execución.

As obras do Cantón de San Roque retomaranse no mes de setembro

As obras do Cantón de San Roque, que se están a executar nos últimos meses, suspenderanse durante unhas semanas debido á celebración das festas de verán e para non prexudicar á hostalería nin aos comercios que se atopan na zona. Así o comunicou Dalia García, rexedora da vila, quen solicitou formalmente, xunto co director de obra e co equipo redactor do proxecto e a empresa concesionaria das obras, o cese momentáneo dos traballos "co único obxectivo de beneficiar o turismo e os comercios locais da zona nuns meses onde a actividade cultural da vila é trepidante, e onde tamén se chega a triplicar a poboación". As obras do Cantón de San Roque retomaranse a comezos do mes de setembro, momento no que se procederá aos últimos retoques. Estes traballos consistirán na sinalización vertical, no pintado e na colocación de árbores e mobiliario ornamental na zona.

Treixadura e *Ses* no festival da xuventude en Sobrado

O salón de plenos da Casa do Concello de Sobrado acolleu a presentación do XIV Festival Musical Intercultural da Xuventude que se celebrará o sábado 11 de agosto, e que este ano conta con Treixadura e Ses como grandes reclamos. O alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, destacou a "promoción a nivel turístico, cultural e económico" que supón a celebración deste festival como preámbulo da XIX Feira da Troita, que se celebra o día seguinte. Ademais do alcalde, no acto tamén estiveron presentes o promotor do festival, Francisco Seijo "Gandy", Xaquín Xesteira e Xurxo Raposo de Treixadura, Coke Blanco de Nuevo Plan e Lucas Quintas e Bruno Mosquera de Evasión. Todos amosaron a súa satisfacción por participar no evento e destacaron o "esforzo" que supón organizar un festival destas características.

Preto de 300 usuarios empregan o servizo de avisos do Concello de Santiso a través dunha aplicación móbil

Vai alá máis dun ano dende a súa posta en marcha e, como novidade, recentemente o Concello de Santiso tomou a decisión de ampliar o servizo abríndoo tamén a dúbidas e suxestións, así como respondendo ás mesmas. O balance que fan de todo este tempo é máis que positivo, pois no ano e pouco que leva en funcionamento son preto de 300 os usuarios rexistrados para recibir as notificacións e todo tipo de avisos do Concello de Santiso. "A través da aplicación agora tamén poden facernos chegar as súas dúbidas, poden deixar queixas e suxestións, que despois derivamos ao departamento correspondente para solucionar e responder", explican dende o Concello. Para darse de alta no servizo o único que ten que facer a persoa interesada é achegarse ata o Concello para cubrir unha ficha de protección de datos e gardar o número do servizo na aplicación de WhatsApp. "En xeral vemos que os usuarios están contentos porque din que se enteran antes das cousas". En canto ás dúbidas máis frecuentes que de momento tivo que responder o Concello a través da aplicación figuran as relacionadas cos campamentos de verán ou os horarios dos autobuses para recoller aos nenos.

Escolares de Toques reúnen máis de 200 euros nunha carreira solidaria

Nenos e nenas do CEIP plurilingüe de Toques que participaron na carreira solidaria de Acción contra a Fame

Os alumnos do CEIP plurilingüe de Toques participaron nunha acción solidaria de "Acción contra a fame". Non se tratou dunha competición deportiva, senón dunha competición contra a carencia de alimentos; "non houbo vencedores nin vencidos e gañaron todos, foi unha xornada festiva mediante unha carreira na que todos animaron a todos para acadar cada un o mellor resultado", explicaron. A actividade tivo como obxectivo recadar fondos destinados a paliar a fame entre as sociedades máis necesitadas. O proceso consistiu en contabilizar o número de voltas que cada neno e nena realizaron nun percorrido adaptado a súa idade, para multiplicar o prezo acordado cos seus patrocinadores polo número de voltas. Así, o esforzo físico realizado polos 24 alumnos participantes do CEIP posibilitou que se xuntasen máis de 200 euros (223,77 para ser exactos), que serán destinados a acción solidaria escollida por eles mesmos previamente á carreira.

PROHIBIDAS AS QUEIMAS AGRÍCOLAS E FORESTAIS NO MONTE

A campaña de alto risco de incendios forestais comezou o 1 de xullo e, por primeira vez, estenderase ata o 31 de outubro. En consecuencia, procedeuse á suspensión sistemática dos permisos de queimas agrícolas e forestais no monte, se ben é certo que esta prohibición poderíase levantar no mes de outubro se as condicións meteorolóxicas o permitisen. A decisión de estender a temporada de alto risco decidiuse despois de que nos últimos anos as condicións meteorolóxicas en outono fosen favorables para a propagación de lumes. Este ano, como nas últimas campañas, o dispositivo de verán estará integrado por uns 7.000 efectivos, con 5.700 profesionais da Xunta, que estarán apoiados por persoal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do Exército e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e outras entidades locais. Ademais, cóntase cunha trintena de medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que aporta o Estado– e 360 motobombas da Administración autonómica, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos que se engaden cisternas, pas e outros vehículos. Dende a Consellería do Medio Rural piden a colaboración na loita contra os incendios forestais a través do teléfono gratuíto 085, e extremando as precaucións no monte evitando prácticas que impliquen calquera risco de lume.

DESCENDE O PARO NA COMARCA EN 29 PERSOAS

CONCELLO	Parados mes actual	Parados mes anterior	VARIACIÓN
MELIDE	410	418	-8
SANTISO	76	88	-12
SOBRADO	62	67	-5
TOQUES	53	57	-4
Total	601	630	-29

‘Accesibilidade universal’: unha materia pendente

“A accesibilidade ao final beneficia a todos”. Nunca unha frase foi tan certa. Pero somos realmente conscientes do que iso implica? Se ben é certo que cada vez se dan máis pequenos avances tamén é necesario lembrar que non son suficientes. Dende o Cerne iniciamos este mes un percorrido polas rúas dos concellos da comarca e as súas instalacións para ver ata que punto estamos ao día na chamada “accesibilidade universal”.

É preciso aclarar en primeiro lugar de que estamos a falar. Para definilo de forma breve sería algo así como a adaptación a todas as persoas (teñan ou non algún tipo de discapacidade) de vivendas, parques, rúas, transportes e demais lugares e infraestruturas.

En Melide por exemplo atopamos un modelo de accesibilidade universal; trátase do albergue de peregrinos recentemente reformado e adaptado tanto no seu exterior como no interior. Outro bo exemplo son as novas beirarrúas da Avenida de Lugo e tamén do Cantón de San Roque, onde unha persoa cega pode decatarse perfectamente ao pisar cando chega a un paso de peóns; ou por exemplo a Festa do Melindre, un dos poucos eventos que conta cunha intérprete de signos durante o pregón e as distintas intervencións, despois de que fose solicitada. Non obstante, estas medidas non deberían pedirse, senón que deberían vir xa implícitas, pois todo evento debería ser accesible ao cen por cen.

Mais, quitadas algunhas excepcións, son poucos os avances no pobo para chegar a acadar unha accesibilidade totalmente universal. Comecemos por exemplo coas barreiras arquitectónicas. Son abundantes as beirarrúas que non están rebaixadas para unha persoa con discapacidade, ou simplemente para alguén que empurre un carriño de bebé, faltan ramplas en zonas de desnivel, vivendas e negocios que deberían estar adaptados contan con chanzos a súa entrada, e mesmo unha persoa en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida non podería consultar o taboleiro de anuncios do propio Concello ao estar despois dunhas escaleiras.

Ao conxunto de barreiras arquitectónicas que podemos atopar no día a día hai que sumarlle outras relacionadas co desprazamento. Así por exemplo, se ben é certo que de realizarse unha petición, este estaría dispoñible, a diario non atopamos autobuses acondicionados para o transporte de viaxeiros en cadeiras de rodas.

O Camiño de Santiago

Un dos principais motores económicos do municipio, o Camiño de Santiago, tampouco escapa ás críticas. Cada vez son máis as persoas que con calquera tipo de discapacidade se animan a percorrer os distintos treitos do Camiño, mais non se presenta esta como unha tarefa doada para eles. Por poñer un exemplo, podemos citar a saída de Melide, despois de Santa María, onde ao tentar cruzar o río polas pedras se nos presenta unha misión complicada para calquera persoa con mobilidade reducida. Ben é certo que sería difícil actuar en todo o Camiño e solucionar cada problema, mais o primeiro paso comeza por concienciar sobre as dificultades.

Poderíamos continuar este percorrido ata sumar un longo etcétera de suxestións, pero ímonos deter neste número no campo do ocio e o tempo libre. Meses atrás estreouse un documental na Casa da Cultura de Melide sobre o tecido empresarial que non contiña subtítulos, algo tan sinxelo de solucionar ben con subtítulos, ou coa implantación na Casa da Cultura (así como noutros edificios representativos), do sistema denominado Bucle Magnético; un Bucle Magnético é un sistema de son que transforma o sinal de audio que todos podemos oír nun campo magnético captado polos audiófonos e polos implantes cocleares.

A conclusión de todo isto é que certamente hai pequenos avances, e cada vez máis. Sen embargo faise necesario concienciar sobre a necesidade dunha accesibilidade universal en todos os eidos, pois só iso facilitará a vida das persoas afectadas, pero tamén dos seus familiares e de toda a sociedade en xeral.

HC 96
Hotel Carlos
Restaurante
Melide
Tlf/Fax: 981 50 76 33
gestion@hc96.com
www.hc96.com

García
industrias cárnicas
Sala de despiece
y almacén frigorífico

Melide · A Coruña
981 81 54 00 / 667 40 79 97
Grupo García

Cervecería Chaplin
- Platos combinados
- Raciones
- Ensaladas
- Desayunos
- Postres

Canton de San Roque nº 17 Bajo Melide / Tlfn. 981505355

FESTAS NA HONRA Á VIRXE DO CARME

Tres días de música, tradición e devoción

A Virxe do Carme ten devotos alén os mares e en Melide sábeno ben. Tal é así que chegan as Festas do Carme e na xente da vila percíbese ese intenso sentimento de admiración e respecto por unha das celebracións con máis tradición do pobo.

Este ano, ao igual que en edicións anteriores, a comisión de festas traballou arreo para brindar aos veciños e visitantes tres días nos que predominarán o fervor relixioso e, por suposto, tamén a troula. Non faltarán así as actuacións musicais a cargo de diferentes grupos, nin os actos para os máis fieis entre os que destaca a tradicional procesión do día 16. Non obstante, tanto o 15 de xullo como o 17 tamén haberá misas e procesións.

Dende a comisión de festas destacan o labor sociocultural e festivo sen ánimo de lucro que desenvolven coa organización desta festividade, e o espírito de recollemento que infunde a súa celebración. "Son unhas festas moi familiares e tradicionais, séguese coa tradición do ramo da Virxe, pois cando vamos polas casas tamén o levamos, e non soamente é pedir, senón que achegamos o ramo da Virxe que é como unha bendición. Ademais, as misas dos propios días e a novena son moi bonitas, e este ano a misa cantada vai estar acompañada por unha charanga, por iso recomendamos a todos e a todas que veñan a escoitala porque vai a ser algo moi fermoso".

Xunto ao acompañamento musical da charanga Támega á misa cantada do día 16, destacan outras actuacións como a da orquestra Tango. "Non é un grupo moi coñecido por aquí, pero cremos que vai gustar moito; e despois tamén haberá algunhas orquestras máis coñecidas, as de sempre, porque ao final o que queremos é que a xente goce das festas, que o pasen ben, que bailen. Hai que ter en conta que as festas do Carme achegan a moita xente á vila dado o seu carácter tradicional".

Organizar as festas do Carme supón esforzo e traballo; "temos que visitar numerosos lugares e a moita xente, pedir colaboracións, e iso que seguimos contando co apoio dos confrades da Virxe, que son moi importantes, pero por encima de todo hai que salientar a implicación da xente con estas festas".

festas do Carme MELIDE

ACTOS RELIXIOSOS - NOVENA: COMENZA O DÍA 7 - HORA: 8 DA MAÑÁ E 9 DO SERÁN.
DÍA 15: 8:30 H. DO SERÁN: PROCESIÓN DO TRASLADO Á CAPELA ACOMPAÑADA POR O *GRUPO FROITO NOVO*.
DÍA 16: MISAS REZADAS ÁS 8, 10 E 11. ÁS 12:30 MISA SOLEMNE (EUCARISTÍA) CANTADA POLA *CHARANGA TÁMEGA*. PROCESIÓN COA *BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE* E O *GRUPO FROITO NOVO*. MISA REZADA ÁS 9 DO SERÁN.
DÍA 17: MISA REZADA ÁS 10. ÁS 12 MISA SOLEMNE DOS COFRADES DIFUNTOS. ÁS 8 DO SERÁN MISA SOLEMNE (EUCARISTÍA) CANTADA *POLO GRUPO DA CATEQUESE PARROQUIAL DE MELIDE*, SEGUIDA DE PROCESIÓN DENDE O CASTELO ATA A IGREXA PARROQUIAL COA *BANDA DE MEAÑO*.

CONCERTO DAS BANDAS: 14:00 E 23:00 H. VERBENA AS 22:00 H. TODOS OS DÍAS.

15 SUSO DE BOENTE - FROITO NOVO

16 BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE - FROITO NOVO - CHARANGA TÁMEGA
TREBOL - COMPOSTELA

17 BANDA DE MÚSICA DE MEAÑO - GRUPO CATEQUESE DE MELIDE
PASARELA - TANGO

Primeiro encontro Leader Galicia

O obxectivo da reunión, na que tamén participou Asetem, foi compartir experiencias con todos os GDR da comunidade

A xuntanza celebrouse no concello do Pino e foi inaugurada pola conselleira do Medio Rural

O pasado 28 de xuño celebrouse o primeiro encontro Leader Galicia no veciño concello de O Pino, un encontro no que, como asociación que forma parte do GDR Ulla Tambre Mandeo, Asetem estivo representada por Rodrigo Fernández Pombo, vicepresidente da entidade.

Durante toda a xornada houbo numerosos debates, charlas, degustacións, unha exposición fotográfica e visionado de vídeos de proxectos Leader, entre outras actividades. Ademais, houbo un espazo dedicado aos máis pequenos con xogos para o seu goce.

Foi a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, a encargada de inaugruar este primeiro encontro Leader Galicia no que se deron cita representantes dos distintos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) para compartir experiencias e impresións. Na súa intervención Vázquez destacou que o plan Leader foi pioneiro á hora de apoiar aos emprendedores particulares.

Actualmente en Galicia hai 34 GRD que levan anos traballando e fomentando todo tipo de iniciativas: produtivas, de carácter social, turístico, etc. Só na anualidade 2017-2018 inxectáronse preto de 20 millóns de euros en máis de 300 proxectos en toda Galicia. Todos eles contribúen a dinamizar o rural co obxectivo último de asentar poboación nel.

Obxectivos

Este primeiro encontro celebrado no Pino tivo como obxectivo que os membros que compoñen os GDR se coñecesen e compartiran sinerxías para formar redes de colaboración. De feito, participaron todo tipo de axentes relacionados co Leader: membros das asembleas xerais, equipos técnicos, beneficiarios de axudas, etc. Ao acto tamén asistiu o director de Desenvolvemento Rural, Miguel Pérez Dubois, e o alcalde do Pino, Manuel Taboada.

Turismo destina 14.000 euros aos concellos de Melide e Toques

Os concellos da comarca recibirán axudas de Turismo de Galicia para acometer obras de mellora de accesibilidade, sinalización ou acondicionamento das súas infraestruturas turísticas e para as súas festas, entre outras accións. Deste xeito, o Concello de Melide recibirá 3.000 euros destinados á Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional; mentres que o Concello de Toques será beneficiario de 11.081 euros para a instalación dunha pantalla táctil e web con toda a información do municipio para a súa promoción turística.

Campionato Galego de Combatlon

Visantoña (Santiso), foi o lugar elixido para a celebración do primeiro Campionato Galego de Combatlon; disciplina na que os participantes realizan esgrima, loita olímpica e kickboxing de forma combinada. Segundo relataron os organizadores, o éxito foi rotundo dado que os nenos acabaron a súa competición con ganas de máis. Foi un evento dinámico e cheo de cambios facendo que os deportistas puidesen poñer en práctica habilidades como a coordinación, a velocidade ou a forza todas xuntas nun só combate. Ente os participantes, nenos e nenas chegados dos concellos de Santiso, Arzúa, Melide, Toques, Palas de Rei, Antas de Ulla, Santiago, Coruña ou Vila de Cruces. En canto aos resultados, para o Ayude foron os esperados, sobre todo en categorías cadetes e junior que coparon o máis alto do caixón.

A área recreativa da Cornella, en Santiso, ofrece menús aos usuarios

Unha opción para pasar o tempo de lecer no verán son as piscinas e as áreas recreativas. Ademais de estar abertas ao púlico nos concellos da comarca, en Santiso este ano contan cun valor engadido na área recreativa da Cornella, e é que todo aquel que o desexe poderá comer no servizo de bar do que dispoñen. Ofrécense varios menús para que os usuarios da área recreativa gocen da xornada sen ter que levar a comida da casa.

Charamela celebra o 14 de xullo o IX Encontro Interxeracional



A Asociación Cultural Charamela de Melide organiza un ano máis o seu Encontro Interxeracional. A novena edición deste evento terá lugar o sábado 14 de xullo e "baixo o lema 'O abrazo das idades' estará representada a colaboración o traballo e o entretemento entre persoas de tódalas idades".

Dende Charamela animan a todo o mundo a participar "creando pratos entre persoas de todas as idades no obradoiro de cociña ou facendo a inscrición no Ti si que vales", espazo este no que os participantes poderán demostrar as súas dotes como cantantes, bailaríns e tamén contando chistes ou tocando algún instrumento musical. Este ano ademais contarase coa actuación do grupo Mak´s Factory.

"Teremos a homenaxe interxeracional dedicada, como non podía ser doutro xeito, ao noso querido Mingos e porase en escena a obra O blús de Haroldo Barrenillo", explicou Mary Gómez Neira, presidenta da asociación. "Charamela quere facer do día 14 un día cheo de amizade e compañeirismo entre os nenos, mozos e adultos aprendendo uns dos outros e conseguindo ter un día de diversión para todos".

Ti si que vales

Os participantes no Ti si que vales, que nesta edición conta con preto dunha quincena de inscritos, realizarán a súa actuación tanto de forma individual como en parellas ou por grupos nun tempo máximo de catro minutos. Ademais, ao remate da xornada repartiranse agasallos entre todos os participantes.

O encontro levarase a cabo na Praza do Convento e en caso de choiva trasladarase á Casa da Cultura. Todas as actividades serán gratuítas e nelas poderán participar persoas de todas as idades.

Volven as rutas turísticas en bus

Por segundo ano consecutivo veciños e visitantes contarán cun servizo de bus turístico en Melide durante as tardes dos meses de xullo e agosto. A xestión do mesmo dependerá da oficina de turismo, situada en Furelos, que contará con tres técnicos durante a temporada estival e que abrirá ao público de 8.30 a 20.30 h de xeito ininterrompido. O punto de saída será en fronte da Capela de San Roque, sinalizado xa cun cartel que indica o comezo da ruta. O custo por persoa será de dous euros e os interesados en realizar o percorrido terán que mercar con anterioridade na oficina de turismo un ticket que lle dará acceso ao autobús, ou ben mercalo no propio vehículo antes de iniciar a ruta sempre e cando existan prazas dispoñibles. O servizo de bus turístico está orientado a peregrinos e turistas, pero poderán facer uso del tamén os veciños que o desexen. A saída da Capela de San Roque será ás seis da tarde e as prazas estarán limitadas ao número de asentos. Na viaxe entregarase un díptico no se que se explican os monumentos e as zonas a visitar, e un técnico de Turismo servirá de guía durante todo o percorrido. Entre os lugares a visitar destacan a Ponte de Furelos, o castelo de Pambre, o Mosteiro de Sobrado dos Monxes e Santa María de Melide.

Os campamentos de verán acollen a centos de nenos en toda a comarca

Cada vez máis Concellos ofrecen a modalidade de campus deportivo

Nenos e nenas que participan nos campamentos do concello de Melide

Rematan as clases e unha das alternativas máis socorridas para ocupar o tempo libre das vacacións son os campamentos de verán. Na comarca, os Concellos ofertan todo tipo de actividades para os seus veciños máis pequenos que, este ano, volven a bater todos os récords de participación.

Melide

Así, en Melide superáronse este ano todos os récords con máis de cen nenos de diferentes idades que cada semana acoden ao CEIP Número 1 para participar nas distintas actividades. Este ano ofrécense dúas alternativas; a que se denomina Verán de aventuras, para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e 15 anos e onde se traballa sobre todo a creatividade; e un campus deportivo para nenos e nenas de entre 8 e 15 anos.

Santiso

No caso do concello de Santiso os campamentos, que son semanais e rematarán o 3 de agosto, contan cunha media de 80 pequenos, habendo semanas nas que a cifra é de 70 e outras que chega ata os 90 participantes. En total superan os 100 inscritos con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos. En canto ás actividades que desenvolven, estas van dende as manualidades ata os obradoiros de cociña, piscina, demostracións da Escola Ayude, malabares e monicreques a través da Rede Cultural; así como actividades de educación viaria e tamén do programa "Ponlle as pilas a o teu bocata" sobre o ámbito da alimentación saudable.

Sobrado

Coma en anos anteriores, no municipio de Sobrado desenvólvense actividades que comprenden dende o VI Campus de Fútbol Álex Bergantiños ata a Festa da Auga, pasando por rutas de sendeirismo, o Día da Bici, excursións, unha velada nocturna, unha ruta en kayak polas Fragas do Eume ou inglés para menores na Ludoteca de verán.

Toques

Pola súa parte, no concello de Toques contan este ano por primeira vez cun campus deportivo que se celebra de xeito paralelo ao campamento de verán; non é de estrañar por tanto que o número de pequenos inscritos supere a cifra de anos anteriores. Así, o campamento de verán conta con 30 nenos e nenas participantes con idades que van dende os 4 ata os 12 anos, mentres que no campus deportivo participan 15 nenos de 10 a 16 anos. Ademais das tarefas que desenvolven a diario, unha vez á semana realizan unha actividade programada consistente en kayak, vela e unha excursión ao Ecoparque de Marín. É de destacar que durante as tardes tamén se organiza un curso de natación ao que acoden 6 cativos.

Breves

Fotos: Turismo Melide

Melide e Palas de Rei acolleron a Media Maratón **Os 21 do Camiño** que une ámbolos dous municipios polo treito do Camiño de Santiago. Con 750 inscritos, o portugués Nuno Filipe Pinto da Costa e Paula Mayobre González foron os respectivos gañadores.

Un ano máis, e xa van seis, a Asociación de Moteiros de Melide Milli Riders celebrou o seu **Festival Motorock** coa presenza do grupo Mago de Oz como actuación estelar. Nesta edición, concertos e motos déronse cita no Parque Rosalía xunto a centos de perosas.

Unha trintena de mozos e mozas de Melide de entre 13 e 17 anos de idade coñeceron a cidade de **Barcelona** e os seus principais atractivos turísticos nunha viaxe organizada polo departamento de Xuventude do Concello de Melide. Visitaron lugares como o parque Güell, a Sagrada Familia e Port Aventura.

Os máis pequenos de Melide, acompañados dos seus familiares, amigos e profesoras, tiveron a oportunidade de realizar unha viaxe en catamarán e compartir un día diferente na praia das Pipas, no Grove. Aínda que esta foi a excursión de fin de curso, o **servizo da gardería** municipal permanece aberto durante o mes de xullo.

Organizada polo Museo da Terra de Melide, a Casa da Cultura acolleu o domingo 24 de xuño a estrea da obra *Requiem por un Gaiteiro*; unha **homenaxe a Mingos** de Pita con música composta por Fernando Arias sobre un texto de Xosé Manuel Broz. Ante ducias de persoas a obra foi interpretada pola Coral Polifónica Follas Novas, Ensemble do Camiño e Anna Mirzoyan.

Organizado polo xornal La Voz de Galicia, a Casa da Cultura de Melide acolleu un **Foro do Camiño de Santiago** no que se abordaron aspectos como os beneficios que os peregrinos traen ás vilas que se atopan dentro da Ruta Xacobea. Moderado polo xornalista Cristóbal Ramírez, a cantante galega Lucía Pérez relatou a súa experiencia como peregrina.

Preto dun centenar de bailaríns participarán no I **Festival e Concurso de Bailes Latinos** Camiño de Santiago que se celebrará en Melide os vindeiros 28 e 29 de xullo. O festival está organizado pola Asociación de Mulleres Rurais Alecrín en colaboración co Concello e o profesor de baile Adrián Vidal.

A **Orquestra Sinfónica de Galicia** sairá da Coruña este ano para levar o seu repertorio a distintos concellos, entre eles o de Melide. Cabe destacar que este ano a Deputación da Coruña achegou 1.500.000 euros ao programa de actividades da Orquestra para promover ditas actuacións en diferentes municipios.

As igrexas dos Camiños de Santiago abrirán este verán

Grazas á colaboración entre Turismo de Galicia e as entidades eclesiásticas, peregrinos, turistas e galegos en xeral poderán achegarse ata o outono a unha trintena de templos e capelas para coñecer o seu valor, significado e a súa historia. Así, o Goberno galego colabora coa Arquidiocese de Santiago e coa Diocese de Lugo para poñer en valor o patrimonio espallado por cinco itinerarios e tres provincias. Os espazos abrirán durante toda a semana en horario de mañá e tarde na época de maior afluencia de camiñantes. Entre os templos da contorna participantes nesta iniciativa atópanse os de San Xoán de Furelos, San Pedro de Melide e Santiago de Boente.

VERÁN CULTURAL 2018
CONCELLO DE MELIDE

21 e 22 DE XULLO
FEIRA DE 1900 EN FURELOS
Horario: 11:00 h a 15.00 h e 17.00 h a 22.00 h
SÁBADO, 21 DE XULLO
IV FESTIVAL DE HABANERAS NO CAMIÑO
*Praza do Convento, ás 20.00 h
VENRES, 27 DE XULLO
Exposición O Camiño Portugués Interior de Santiago de Compostela. Casa da cultura, ás 16:00 h
DOMINGO, 29 DE XULLO
XOAN CURIEL co espectáculo A casa do terror (non recomendada para menores de 6 anos).
*Praza do Convento, ás 20.30 h
LUNS, 30 DE XULLO
CINEMA NA RÚA, Cen anos de perdón (2016).
*Praza do Convento, ás 22.15 h
MÉRCORES, 1 DE AGOSTO
GARABATO DE XOGOS.
*Praza do Convento, de 18:00 h a 22:00 h
XOVES, 2 DE AGOSTO
ILUSIÓNS ÓPTICAS - COUSAS IMPOSÍBEIS.
*Praza do Convento, de 18:00 h a 22:00 h
VENRES, 3 DE AGOSTO
RADIO COS, Pasatempo.
*Praza do Convento, ás 22.00 h
SÁBADO, 4 DE AGOSTO
NINO COSTOYA, co seu traballo "SEASON".
*Praza do Concello, ás 22.00 h
DOMINGO, 5 DE AGOSTO
AGRUPACIÓN DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL XIMIELA DE LOURO.
*Praza do Convento, ás 21 h
LUNS, 6 DE AGOSTO
Cinema na rúa: Blade Runner.
*Praza do Convento, ás 22.15 h
MARTES, 7 DE AGOSTO
CIRCO GALAICO DE MONICREQUES.
*Praza do Convento, 20.30 h
MÉRCORES, 8 DE AGOSTO
GHOP, do grupo Teatro ó Cubo.
*Praza do Convento, ás 20.30 h
XOVES, 9 DE AGOSTO
A CASA DOS XOGOS (a partir de 4 anos).
*Praza do Convento, de 19.00 h a 22.00 h
VENRES, 10 DE AGOSTO
TANXUGUEIRAS E BANDA.
*Praza do Convento, ás 22.00 h
13, 14 e 15 DE AGOSTO
MERCADO MEDIEVAL. Horario: de 11:00 h a 15:00 h e de 17:00 h a 23:00 h
MÉRCORES, 15 DE AGOSTO
ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA, co programa Sons do Atlántico. Casa da Cultura, ás 22.00 h

*(No caso de choiva, as actividades exteriores trasladaranse á Casa da Cultura ou ao Pazo de Congresos)

A beleza non ten idade

Unha coruñesa e un estradense novos Miss e Míster Galicia da 3ª Idade

Foi o 25 aniversario dun certame de beleza pasado por auga, pero que en ningún momento perdeu un ápice do seu *glamour*, e senón que llo digan a María Luisa García, de 79 anos, e a Antonio Ferro, de 81, coroados este mes de xullo como os novos Miss e Míster Galicia da Terceira Idade en Melide.

A choiva obrigou a trasladar o certame á Casa da Cultura onde sobre o escenario desfilaron un total de 35 mulleres e 11 homes para ser elixidos coas diferentes bandas que, como cada primeiro de xullo, se entregan aos máis maiores que se achegan a Melide dende diferentes centros sociais de Galicia.

Un ano máis, Miss Galicia da Terceira Idade quedou na Coruña, e é que a gañadora de 2017, Isabel Muíño, coroou este ano a María Luisa García Méndez, de 79 anos e procedente do barrio dos Mallos. Pola súa parte, o título de Míster Galicia da Terceira Idade foise para A Estrada ao recaer en Antonio Ferro de 81 anos.

Benito Asorey, de 90 anos, foi elixido Míster Elegante e Alfonso Pérez, de 87, Míster Simpático.

José Varela, de 97 anos e chegado dende Castrillón foi elixido Míster Guapo, mentres que Míster Marchoso foi para Gerardo Rodrigo de Melide.

Antonio Ferro e María Luisa García, no centro da imaxe, Míster e Miss Galicia da 3ª Idade

No apartado feminino, os galardóns foron os seguintes: Miss Beleza que recaeu en María Reboredo, de Lalín; Miss Elegancia para Marisa Marquez, con 72 anos e da Coruña; Miss Fotoxenia para Felisa Silva de 78 anos e da Estrada; Miss Simpatía para Manuela Muíño de 70 anos e da Coruña, e Miss Marchosa para Elvira Otero de 65 anos de Ribadumia.

En Melide quedaron as bandas de Miss Verán para Ana Alcalde, de 70 anos e o propio recoñecemento local de Miss Melide para Concepción Quintás, de 84 anos, e tamén veciña da vila.

No apartado musical, a Tuna de Veteranos da Coruña foi a encargada de marcar o ritmo nas vodas de prata deste certame xunto á cantante galega Lucía Pérez, que interpretou distintas pezas do seu último traballo, *Quince Soles*, e presentou o evento acompañada da locutora local, Isabel Ramos. Durante a xornada tamén se celebrou un concurso de pasodobres.

Domingos de "vermú no Camiño"

Dani Barreiro foi o encargado de abrir o programa

Logo do éxito acadado en edicións anteriores, o Concello de Melide pon en marcha unha nova edición do programa Vermú no Camiño que, este ano, contará cun total de nove actuacións a celebrar en diferentes prazas e rúas de Melide durante os domingos dos meses de xullo, agosto e setembro. Deste xeito, o domingo 15 de xullo actuarán Los Duguis na rúa Alhóndiga, mentres que o grupo Octopus será o encargado de amenizar coa súa música o domingo 22 de xullo a praza da Herba, situada en plena zona dos viños de Melide. A fin de semana do 28 e 29 de xullo haberá concertos os dous días. O sábado será a cita na rúa do Convento con Catro Caños e o domingo no Cantón de San Roque con Luis Bedu e Miguel Bello. O mes de agosto comezará coa actuación de Dani Royo e Versions Band na praza das Ichoas para continuar o 12 de agosto na praza da Herba con Carlos Bau e Hugo Torreiro. O 26 será a quenda para Smoke Trío coa súa actuación na praza das Ichoas. No mes de setembro, pechará o programa Vermú no Camiño a actuación de Chroma na praza das Ichoas. Todas as actuacións terán lugar a partir das 13.30h do mediodía.

DÛSA
para su vivienda o negocio
Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com
www.dusagalicia.com
Elaborados Metálicos

Estructuras - Naves - Escaleras - Caldelería - Entreplantas

Os ventos do cambio

Algo está cambiando a unha velocidade vertixinosa, non cabe dúbida; a tendencia lineal que ata agora imperaba tornou en exponencial no relativo ó avance das conquistas sociais. Algo se viña cociñando cando se desencadeou o estourido, uns anos atrás, do coñecido movemento do 15M.

Compre remontarnos a aqueles "melenudos" que comezaban a revelarse nun entorno carente de democracia algunha, nos tempos da ditadura, onde as represalias eran contundentes. A día de hoxe temos que recoñecer que o tempo lles deu a razón, cando proclamaban a bombo e platillo o mantra aquel do imperialismo e a represión crecente do poder político subornado polos intereses económicos. Eran catalogados como tolos perigosos, ameaza da convivencia, susceptibles de ser condenados pola man de ferro de aquel réxime e polo cidadán de orde, decente e ó día cas obrigacións eclesiásticas.

Cal é o avance que fai que tal indignación estea acelerando este proceso de cambio? Pois non é outro que a rede de redes, que permitiu documentar a indignación dos "antisistema" citados anteriormente. Esta ferramenta que xa forma parte das nosas vidas é ,sen dúbida, a máis poderosa da historia da humanidade xa que permite o acceso a todo tipo de información en calquera lugar e a calquera hora, e bríndanos a posibilidade de comunicarnos de forma instantánea, que non é pouco.

Moi socorrida é a afirmación de que hai moita "broza" dentro de Internet pero, precisamente, diso se trata, de que saia algo de fume da cabeza, que a falta de uso non é boa cousa. Claro que non nos dá todo mascado, faltaría máis, para iso xa está o *televexo*, onde podemos alugar unha opinión para despois ila pregoando por aí, sen maior complicación nin necesidade de análise, porque alguén xa a discorreu por nós, libre de cargo.

Agora, por fin, xa temos probas documentais admisibles para a causa das desigualdades sociais e xa ninguén poderá evitar unha condena firme das prácticas que contraveñen os conceptos de igualdade de xénero ou de raza, a liberdade de expresión e demais variantes relativas á dignidade das persoas, ameazadas en maior ou menor grao.

Temos que renunciar á política de taberna, porque a día de hoxe ninguén pode xustificar que unha muller cobre menos que un home por realizar o mesmo traballo. Tampouco nos valen medias tintas no referente a refuxiados e migrantes, á dignidade dos nosos maiores, nin estamos dispostos a seguir liquidando o planeta no que vivimos. A sociedade xa se ve con forza para esixir solucións a estes problemas, mentres a clase política, que ata agora miraba para outro lado, xa se empeza a ruborizar e sentir vergoña, porque as sensibilidades están a flor de pel.

O que está claro é que algo está cambiando moi rápido e eu quero ver como cambia.

Borja Miguéns, traballador sen especialidade

Maldito "cancro"!

Unha morte sempre doe, e máis cando se trata de xente nova, e inda máis cando o motivo é o irrespectuoso cancro que vén a visitarche sen avisar. En cuestión de meses ou semanas ves como a persoa vai cambiando, se vai deteriorando, ata que chega o día. Maldito cancro!

Quizais non exista aínda unha vacina contra o cancro, unha solución. O que si existen son algunhas evidencias de como se pode producir a súa aparición, como por exemplo o tabaco, unha mala alimentación ou a excesiva contaminación que sufrimos no día a día.

Pero que é unha mala alimentación? É curioso porque a alimentación non escapa á présa do mundo no que vivimos, á présa de producir axiña para obter os maiores recursos.

Un tomate, como calquera outro produto da terra, plántase e trátase con multitude de produtos para que non sexa pasto das pragas e tamén para que sexa fermoso a nosa vista. Os animais, sexan da terra (granxa) ou do mar (piscifactoría), inténtase que engorden rapidamente. Todo se basea en producir rápido, a calquera custo sanitario, para vender e volver a producir sen respectar os tempos e alterando os prazos biolóxicos. Tódolos engadidos poden chegar a ser un gran motivo para o cancro, por iso é importante que recuperemos a pequena agricultura que cada vez vai desaparecendo máis en favor das grandes multinacionais.

Ademais, a todo isto hai que sumarlle a contaminación: o uso excesivo de coches nas cidades, fábricas día e noite expulsando polas cheminеas "vapor de auga", as emisións das calefaccións nos fogares ou os plásticos que tiramos, etc.

Podemos falar de tratados que combatan o cambio climático, botarlle a culpa a grandes multinacionais ou aos señoritos do goberno, e incluso a Lopetegui, pero non, a culpa é de todos nós: é un problema de educación individual e colectiva como sociedade.

Nós mesmos temos que cambiar os costumes, ter máis conciencia. Iso non quita que non poña medidas en marcha quen as teña que poñer, ben sexa eliminando os combustibles fósiles ou as bolsas de plástico dos supermercados, pero o modo de vida que estamos vivindo estanos matando de forma indirecta. E non só a nós, tamén ao planeta e á natureza.

O cancro é unha enfermidade que acabará con nós, pero o ser humano é o cancro da terra. Maldito "cancro"!

Pablo Lorenzo, produtor

Exemplo e norma formativa para a xuventude (I)

O escritor estadounidense Elbert Hubbard utilizou como argumento a guerra de Cuba para inserir nun dos seus moitos libros escritos unha pequena historia. Dita edición acadou millóns de exemplares por todo o mundo e, nesa obra, figuraba a seguinte curiosa narración: "cando estalou a guerra entre España e os EE.UU. fíxoselle necesario ao goberno yanqui establecer de maneira urxente comunicación con un tal García, que era o cabecilla dos insurrectos cubanos, quen se atopaba escondido nas rexións mais selváticas da illa de Cuba sen que persoa algunha puidera determinar onde estaba".

O presidente norteamericano desexaba, sen perder tempo, contar coa súa cooperación; pero que facer nestas circunstancias? Pois houbo alguén que acercándose ao presidente lle dixo: "hai un home chamado Román que atopará a García, sempre que sexa posible dar con el".

Buscaron a Román e déronlle unha carta do presidente dos EE.UU. que debía entregar a García, e Román collendo o parte colocouno nunha bolsiña de hule que atou contra o seu peito, marchando seguidamente sen facer ningunha pregunta nin pedir máis explicacións.

De como aos catro días desembarcou dunha nave nas costas de Cuba, de como se internou nas selvas cubanas e tres semanas máis tarde apareceu de regreso en Washington despois de cruzar por dúas veces as liñas de fogo atravesando un país acendido nunha guerra civil e de haberlle entregado o mensaxe a García, son cousas que se ignoran, pois Román non lles daba importancia e non llas contou a ninguén.

O interesante é que o presidente entregoulle unha carta a Román para que lla levara a García, e Román colleu a carta sen preguntarlle "onde está García?".

Todos aqueles que se esforzaron para levar a bo termo unha empresa, na que é necesario o concurso de varias persoas, moitas veces tiveron que comprobar, cheos de consternación, o grave inconveniente que representan os que forman esa grande masa pasiva da humanidade, os que se limitan a vexetar; xentes incapaces, con pouca vontade para coa colectividade, persoas que utilizan a súa cabeza só para pensar no seu propio egoísmo, que nada lles preocupa se non lles afecta directamente, que nada lles importa o dos demais, porque despectivamente pensan que "aquilo" non vai con eles.

E vostede mesmo pode facer esta proba. Chame na súa oficina, no seu taller ou en calquera outra actividade a calquera dos seus empregados e dígalle: "teña a vontade de buscar datos na enciclopedia para facer un resumo sobre a vida do Mestre Mateo". Responderalle: "si señor"; pero, fará sen máis o que vostede lle encargou?. O máis probable e que se lle quede mirando con cara de circunstancia e lle faga algunha destas preguntas: "como di?, quen é o Mestre Mateo?, que enciclopedia?, como se pode atopar?, refírese vostede a San Mateo?, seríalle o mesmo se o fixera Carlos?, eu teño moito traballo, é moi urxente?, non podería buscalo mañá ou o luns?, para que o quere saber vostede?".

Sería esta persoa capaz de levarlle unha mensaxe a García, tal e como fixo Román, sen facer preguntas?.

Xosé Núñez, escritor



O escritor estadounidense Elbert Hubbard
(Foto: Wikipedia)

ESTHER E CRISTINA IRAGO CONDE, STRELITZIA FLORISTAS

“Todo evento require dun minucioso proceso anterior á hora de elixir a flor”

Recentemente mudaron de instalacións e tamén de nome, pero o que segue intacto é o seu gusto pola arte floral. Estas dúas irmáns, que dende pequenas viviron rodeadas de plantas e flores, emprenderon hai catro anos unha aventura que a día de hoxe está máis que consolidada. Na súa tenda podemos atopar os mellores produtos a nivel nacional e internacional e asesorarnos para que o noso gran día acabe sendo un evento único e personalizado. Tanto Esther como Cristina non dubidan en sinalar que o mellor coidado para unha boa decoración é realizar unha meticulosa escolla das plantas e flores.

- Recentemente cambiáronlle o nome ao seu negocio, cal foi o motivo?
- Esther e Cris Irago Conde (E.C./C.C).: Si, cambiamos de nome porque Strelitzia Floristas era moi difícil de pronunciar e tamén de lembrar. Agora, aínda que o vaiamos dando a coñecer pouco a pouco, decidimos chamarlle Esther e Cris Conde Floristas porque ademais a maioría dos nosos clientes coñécennos máis polo noso nome.

- E tamén se trasladaron
- E.C./C.C.: Tamén, foi todo xunto. Ao mesmo tempo que mudamos de local aproveitamos para cambiar de nome. Nas novas instalacións temos moito máis espazo para traballar, xa que a maioría dos traballos florais requiren un espazo grande; e tamén contamos con moita máis luz natural e iso é moi favorable para as plantas.

Algúns exemplos de decoración e as novas instalacións de Esther e Cris Conde Floristas

“Os provedores tráennos a diario produtos nacionais e tamén doutros grandes países exportadores de flor e planta ”

“Notamos que nos últimos anos o período forte de traballo amplíase ata ben rematado o outono”

- Que tipo de plantas e flores podemos atopar no seu comercio?
- E.C./C.C.: Podedes atopar case calquera variedade de planta ou flor cortada, xa que contamos con provedores a diario que nos traen produtos nacionais e internacionais dos grandes países exportadores de flor e planta como son Holanda, Ecuador, Colombia, etc. Tamén contamos cunha ampla variedade de composicións con plantas, xa que son moi demandadas como artigos de regalo.

- Están nunha das épocas máis fortes en canto a traballo, que supón iso para vostedes?
- E.C./C.C.: Si, dende que comeza a primavera e ata o remate do verán son moitos os eventos que se organizan: vodas, comuñóns, bautizos e outros eventos; aínda que estamos a notar que nos últimos anos ese período amplíase ata ben rematado o outono. E supón unha maior implicación e esforzo á hora de traballar, xestionar e coordinar todo para que cada evento resulte un éxito.

- Que coidados requiren as flores/plantas nun día especial?
- E.C./C.C.: En calquera evento o coidado que requiren tanto as decoracións florais como as plantas é sempre dun minucioso proceso anterior á hora de elixir tipo de flor, cor e proporcións para que todo se vexa compensado e fermoso nese gran día.

- Que é o que máis elixen os seus clientes?
- E.C./C.C.: Temos un amplo abano de posibilidades en canto a tipos de decoracións, co cal os clientes que se achegan a nós buscan tanto decoracións moi clásicas como decoracións máis modernas ou *vintage*, que tanto están agora de moda. Pero o denominador común de case todas é a sinxeleza.

- Como comezaron neste mundo?
- E.C./C.C.: Pois levamos catro anos xa ao fronte desta aventura. Abrimos a tenda no mes de abril de 2014 porque sempre nos gustou moito o mundo das flores e a decoración. Iso si, o primeiro que fixemos foi formarnos porque para este traballo é imprescindible ter unha boa base, e despois, como nese momento por mor da crise estabamos as dúas sen traballo, aventurámonos a montar o noso propio negocio. Hoxe por hoxe podemos dicir que estamos moi contentas.

- De onde lles vén o gusto polas plantas?
- E.C./C.C.: Pois dende sempre; vivimos e criámonos na aldea e dende moi cativas sempre apañamos as flores que viamos por todos os lados. Na nosa casa nunca faltou un floreiro con elas.

- Que é o mellor do seu traballo?
- E.C./C.C.: O agradecemento que ten cara a nós a xente, por exemplo os noivos, que sempre veñen despois da súa voda cheos de palabras bonitas polo noso traballo e a nosa profesionalidade. Sempre intentamos que sexa un día único e personalizado para cada un deles.

- Algunha anécdota para rematar?
- E.C./C.C.: Temos moitas, pero a última que nos vén agora á cabeza e que nos pasou tan só hai uns días foi un rapaz que nos veu preguntar se tiñamos trevos de catro follas, e a verdade é que nos fixo moita graza.

Strelitzia Floristas
(Esther e Cris Conde Floristas)
Tlf: 881 81 91 01
R/ Taboada Roca, 4 (Baixo)

FESTAS NA HONRA ÁS NEVES

Santa María prepárase para o seu día grande

*Plan perfecto para unha noite de verán. A antesala do San Roque está en Melide, si, pero na parroquia de Santa María, que celebra as súas festas patronais o próximo **5 de agosto**. Será unha xornada moi intensa que dará comezo ao xeito tradicional coa misa solemne e a procesión á unha do mediodía, seguida da correspondente sesión vermú para ir quentando motores a cargo da orquestra Galilea. A actuación estelar chegará coa verbena da noite na que acompañará a Galilea o espectáculo da orquestra Armonía Show. E que ninguén lle tema á choiva, ao sol ou ao vento porque haberá carpa que tanto torna unha cousa como a outra. O mellor de todo... realizarase un sorteo dun cheque regalo de **300 €** durante o descanso da verbena. Moito máis non se pode pedir. Só faltas ti!!*

Fernando, Marta, Lucía e Suso, a comisión organizadora, traballaron arreo para facer as mellores festas